

Á vista do escrito do Xerente da Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras (en adiante UNINOVA), polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas do Máster en Xestión e Dirección Laboral da USC, esta REITORÍA

-Considerando que o Decreto 13/2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de febreiro, autorizou a implantación de estudos universitarios de Posgrao nas universidades do Sistema Universitario Galego conducentes aos títulos de mestrado, entre os que se atopaba o título de Máster Oficial en Xestión e Dirección Laboral no que participan as tres universidades do SUG. Dentro do plan de estudos deste Máster está configurada a materia Practicum (especialidade de Xestión Sociolaboral, impartida na USC) coa que se pretende que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que a empresa UNINOVA é unha sociedade na que participa a propia Universidade de Santiago de Compostela xunto co Concello de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade de potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas en no ámbito dos estudos do Máster en Xestión e Dirección Laboral, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado do Máster en Xestión e Dirección Laboral en UNINOVA,
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - O Practicum ten asignado un traballo do alumno de 30 ECTS (750 horas), que comprenderá o período de prácticas na empresa, a elaboración por parte dos alumnos da memoria das prácticas, etc., de acordo co que estableza a Comisión Académica para a planificación desta materia.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica do Máster de acordo coa Dirección de UNINOVA, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas practicas non comportarán compensación económica algunha para os alumnos. O feito de que o alumnado realice prácticas en UNINOVA non suporá ningún tipo de relación laboral con esta empresa nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os alumnos que van realizar as prácticas seran seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

Ademais das normas xerais de valoración de expedientes, teranse en conta os seguintes criterios: